

Inspección antemortem



Documento principal

CONTROL OFICIAL

ACHADOS E NON CONFORMIDADES

MEDIDAS ADOPTADAS

DICTAME ANTEMORTEM

CADRO DE DECISIÓNS

SUPERVISIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE TRABALLO DO ESTABLECEMENTO SOBRE A RECEPCIÓN DOS ANIMAIS

REXISTROS DO SERVIZO VETERINARIO OFICIAL SEMAGA

| 3.- INSPECCIÓN ANTE MORTEM

A inspección antemortem (IAM) ten como finalidade valorar se os animais que chegan ao matadoiro están ou non en condicións adecuadas para o seu sacrificio e ditaminar posteriormente a súa aptitude ou non para sacrificio con destino a consumo humano.

Non se poderá sacrificar ningún animal ou lote de animais ata que o Veterinario Oficial o autorice tras realizar a correspondente IAM

O gandeiro ou provedor é responsable de enviar exclusivamente ao matadoiro animais sans e cun aceptable estado de limpeza.

Os operadores de empresa alimentaria que exploten matadoiros deberán garantir que os seus procedementos garanten que cada animal ou, no seu caso, cada lote de animais que se acepte nos locais do establecemento está limpo e goza de boa saúde, na medida en que así pode determinalo. Estes procedementos deben permitir, con carácter previo á IAM, **detectar** os animais que presentan anomalías no seu estado de saúde e de limpeza, **separar e/ou marcar** estes animais ou lotes respecto dos que non presentan anomalías, **aplicar medidas** correctoras no caso dos animais sucios, e **comunicar ao Veterinario Oficial** as ditas incidencias.

Ademáis colaborarán facilitando a IAM do Veterinario Oficial sempre que este o solicite.

| 3.1 CONTROL OFICIAL

O veterinario oficial efectuará a IAM de todos os animais antes do sacrificio por lotes ou de forma individual da acordo a especie inspeccionada. A inspección realizarase nas 24 horas seguintes á chegada destes ao matadoiro e menos de 24 horas antes do sacrificio. Ademais, o veterinario oficial poderá decidir realizar unha inspección en calquera outro momento.

A IAM deberá efectuarse en condicións adecuadas de iluminación, coa dotación material necesaria e coa colaboración do operador económico nas ope-

racións que lle sexan requiridas por parte do veterinario oficial. Realizarase durante a estabulación, e sempre que sexa posible, durante a descarga..

En xeral procederase a comprobar:

- Grao de limpeza dos animais.
- Identificación animal: presenza de crotais e inviolabilidade dos mesmos na medida do posible, marca auricular, tatuaxe, etc. Erros na correspondencia coa documentación que ampara o transporte dos animais.
- Documentación de acompañamento.
- Estado sanitario, animais con sintomatoloxía compatible con calquera enfermidade.
- Presenza de animais destinados ao matadoiro dentro dun plan de erradicación de enfermidades.
- Presenza de signos de tratamento farmacolóxico ou sospeita da administración de substancias prohibidas.
- Aptitude para o transporte.
- Benestar animal durante o sacrificio e operacións conexas.

Unha vez realizada a inspección ante mortem establecerase un ditame se é apto para sacrificio con destino a consumo humano ou non .

3.2 ACHADOS E NON CONFORMIDADES

1. Presenza de animais cun grao de sucidade que supoña un risco de contaminación das canles. Anexo I Limpeza Bovinos
2. As marcas identificativas dos animais non se axustan á lexislación.
3. Non existe concordancia entre os documentos de acompañamento (documentación de movemento pecuario e ICA) e as marcas identificativas dos animais.
4. Presenza de animais con enfermidades que poden supoñer un risco para a saúde humana ou animal, con unha enfermidade transmisible ou que presenten, en xeral, signos de enfermidade sistémica ou emaciación.
5. Presenza de animais procedentes de explotacións ou zonas suxeitas a restrición de movemento sen a autorización correspondente.

6. Sospeita de presenza de residuos por non respectarse o prazo de supresión de tratamentos administrados ou ben sospeita de tratamentos con medicamentos veterinarios ou substancias prohibidas.

7. Presenza de animais no aptos para o transporte.

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Benestar-PNT>

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Regulamento-CE-1-2005>

8. Non se cumpren os requisitos de benestar durante a descarga e a estabulación.

- Arrastrar a un animal que está en decúbito sen atordalo.
- Estabulación dun número de animais superior á capacidade das cortes.
- Uso de arreador eléctrico (pica) sin cumprir a normativa.
- Golpear aos animais, levantalos polo rabo ou polas orellas,...
- Non separar aos animais con dificultades de movemento (coxeiras evidentes)

En porcino é frecuente a presenza de:

- caudofaxia. En caso de detectarse procederase a comunicar esta incidencia de benestar animal pola vías de comunicación xa establecidas. Acta na que se reflecta a incidencia en benestar animal, e comunicación o Departamento Territorial.

- estrés térmico

9. Que o operador económico do matadoiro non detectase ou non comunicase ao SVO calquera dos incumprimentos antes mencionados.

10.- Presenza de animais mortos. Si existen signos de inaptitud para transporte se procederá a levantar acta y se comunicará o departamento territorial.

https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/79/Instruccion_no_aptos_transporte.pdf



3.3 MEDIDAS ADOPTADAS

En función da gravidade dos achados procederase a:

1. Ditaminar ao/s animal/is como non aptos para o sacrificio con destino ao consumo humano
2. Notificación á autoridade competente en materia de Sanidade Animal ao través da Xefatura de zona. Ver cadro de medidas
3. Comunicación ao Departamento Territorial, competente en materia de sanción, ao través da Xefatura de zona. Ver cadro medidas.
4. Outras medidas a criterio do Servizo Veterinario Oficial:
 - Sacrificio inmediato por razóns de benestar animal
 - Sacrificio con restricións: sacrificio separado, sacrificio ao final da xornada, repouso, toma de mostras, inmovilización cautelar de canles tras o sacrificio, redución velocidade da cadea
 - Actuacións necesarias para diminuír ou eliminar a sicidade do animal antes do sacrificio.

3.4 DICTAME ANTEMORTEM

3.4.1 ANIMAIS APTOS PARA SACRIFICIO CON CONDICIÓN

Deberán someterse a unha inspección postmortem máis rigorosa para establecer un ditame definitivo

Animais con defectos na identificación

Animais cansados ou fatigados

Animais sospeitosos de presenza de residuos

Animais afectados por traumatismos ou enfermidades consideradas non transmisibles ás persoas ou animais

Animais sacrificados dentro dun plan específico de erradicación

Animais sospeitosos de padecer una enfermidade que puidera afectar á saúde humana ou sanidade animal.

Animales con problemas de bienestar animal con presenza do SVO.

Animais sacrificados de urxencia en matadoiro, nos casos de bienestar animal nas tardes, noites ou fin de semana. Sin presenza do procedemento que sacrificio de urxencia na explotación)

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/IAM-Ditame>

3.4.2 ANIMAIS NON APTOS PARA SACRIFICIO CON DESTINO A CONSUMO HUMANO

Animais con enfermidades transmisibles, tanto a homes como a animais

Animais agónicos

Animais caquéticos

Animais con síntomas de enfermidades sistémicas

Baixas antemortem

Animais excesivamente novos

A documentación ou identificación dos animais non garante a súa identidade

Animais con tratamentos non autorizados, ou que aínda estando autorizados non se respectaron os prazos de espera.

Os ruminantes sacrificados nas cortes sen a presenza do veterinario ou recomendado o seu sacrificio por el (por exemplo por razóns de bienestar animal)

Nestes casos de animais no aptos para sacrificio para consumo, procederase de acordo cunha análise de riscos.





- o operador poderá proceder á matanza do animal e eliminación sen que entre na cadea de sacrificio.
- no caso de que a matanza se faga na cadea de sacrificio procederase ao final da xornada, ou no caso de que se realice durante a mesma, deberá procederse á limpeza e desinfección da cadea inmediatamente despois deste sacrificio.

3.5 CADRO DE DECISIÓNS

INSPECCIÓN ANTEMORTEM			
ACHADOS E NON CONFORMIDADES	ADOPCIÓN DE MEDIDAS	COMUNICACIÓNS	REXISTROS
A pel ou a la dos animais en condicións de sucidade tales que exista un risco inaceptable de contaminación da carne durante o sacrificio. Ver Anexo Limpieza vacún	Non permitir o seu sacrificio para consumo humano a menos que se tomen as medidas correctoras para evitar a posible contaminación: - Limpieza do animal - Sacrificio ao final da xornada	Operador Económico No caso de incidencia significativa ou reiterada acta e comunicación á XT(a través da XZ)	Semaga
Animais que padeczan unha enfermidade da lista O.I.E. transmisible a outros animais ou aos seres humanos por manipulación ou ingestión de carne (exemplo: PPC)	Sacrificar os animais por separado, en condicións que eviten a contaminación doutros animais ou doutros canais, e decláralos non aptos para o consumo humano.	Operador Económico para que o comunique a explotación de orixe. Á Autoridade competente de supervisar a explotación	Semaga
Animais que presenten signos de enfermidade sistémica	Sacrificar os animais por separado, en condicións que eviten a contaminación doutros animais ou doutras canais, e decláralos non aptos para o consumo humano.	Operador Económico para que o comunique a explotación de orixe. Á Autoridade competente de supervisar a explotación	Semaga
Animais que se sospeite que teñen unha enfermidade ou un estado de saúde que poida afectar á saúde pública ou animal (exemplo: ileíte porcina). Animais que os operadores da empresa alimentaria poidan apartar.	Sometelos a un exame antemortem exhaustivo a fin de establecer, se é posible, o diagnóstico definitivo. Se fose necesario, os animais sacrificaranse por separado ao final do proceso normal de sacrificio, tomando todas as precaucións necesarias para evitar a contaminación do resto da carne.	Operador Económico para que o comunique a explotación de orixe. Á Autoridade competente de supervisar a explotación	Semaga
Presenza de animais procedentes de explotación ou zona suxeita a prohibición ou restrición de movemento, sen a autorización correspondente, ou calquera outro factor que prexudique á saúde humana ou animal.	Sacrificar por separado e declarar a non aptitude para o consumo humano	Operador Económico Acta de comunicación e enviará a X Zona para que se informe a autoridade competente de supervisar a explotación.	Semaga
Presenza de animais sospeitosos de ser tratados con medicamentos veterinarios ou substancias prohibidas	Non permitir o sacrificio ata recibir a información pertinente. Se no prazo de 24 horas desde a entrada do animal non se dispón da mesma, sacrificar por separado e declarar non aptos para o consumo humano. O devandito prazo poderá ampliarse polo SVO. PNT Pnir procedementos por sospeita	Coordinador do PNIR Xefatura de Zona (para o envío da mostra o Laboratorio) Folle de remisión de mostras para o Laboratorio	Actas do PNIR
Sacrificio de urxencia no matadouro (fora do horario do Servizo Veterinario Oficial)	Comprobar que se realizou a inspección ante- mortem e foi favorable e actuación de acordo co disposto pola normativa. Revisión de toda a documentación de acordo a PNT de Sacrificio de Urxencia PNT 8 AESAN Sacrificio de urxencia	Operador Económico Acta + Informe de animais non aptos para o transporte e enviarase á Xefatura de Zona	Semaga
Animais mortos na corte ou no transporte	Prohibir entrada no local de sacrificio. Se existen signos de inaptitude para transporte procederase a redactar a acta e comunicarse á Xefatura Territorial	Operador Económico Acta + Informe de animais non aptos para o transporte e enviarase á Xefatura de Zona	Semaga
Malhas prácticas de estabulación ou manexo dos animais	Aplicar o Protocolo de inspección de benestar carnes vermellas. Protocolo F13T-01-03-01. Supervisión Semaga	No caso de incidencia significativa ou reiterada acta e comunicación á X. de Zona	Semaga

https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/11/Cadro_medidas_antemortem.pdf




MECÁNICA DA INSPECCIÓN

Mecanica da Inspección Antemortem		
RESPONSABLE	QUE DEBE HACER	VERIFICAR
 <p>Operador Económico (OE) Encargado de Bienestar Animal (EBA)</p>	<p>Recepciona animais Aloja animais Revisa documentación. Revisión de animais Registro y Observaciones</p>	<p>Especial atención a animais débiles, heridos etc Especial atención a la documentación e identificación no conforme</p>
 <p>Servicio Veterinario Oficial (SVO)</p>	<p>Revisa as posibles incidencias (documentais, Bienestar ...etc) recollidas polo Operador Económico</p>	
<p>Servicio Veterinario Oficial (SVO)</p>	<p>Comprobación in situ das condicións de estabulación:</p>	<ul style="list-style-type: none"> . Condicións de instalacións: bebedeiros, comoda, limpeza, desperfectos... . Separación adecuada por lotes. . Estrado adecuado segundo tempo de permanencia. . Muxido en caso necesario . Actuación e manexo por parte dos operarios...
<p>Servicio Veterinario Oficial (SVO)</p>	<p>Inspección individual de cada animal</p>	<ul style="list-style-type: none"> . Especial atención a animais separados polo Operador . Especial atención a animais débiles ou sospeitosos . Estado de limpeza . Estado de saúde . Signos de tratamentos . Comportamentos anormais . Signos de non cumprimento do benestar animal... . Inmobilización e investigación de animais ou canais con problemas de identificación . Limpeza de animais . Actuacións específicas ante sospeitas: tratamentos....
<p>Servicio Veterinario Oficial (SVO)</p>	<p>Revisión dos crotais. (considerando a posterior revisión das cabezas na postmortem)</p>	<p>Especial atención á numeración completa, Estado y colocación das marcas auriculares</p>
<p>Servicio Veterinario Oficial (SVO)</p>	<p>Valoración de accidentes ocorridos na estabulación ou no transporte e da actuación do encargado de benestar</p>	<p>Dictame de aptitude ou non para o sacrificio con destino consumo humano. Comunicacións de non aptitude para o transporte Actuacións específicas de benestar: eutanasia, sacrificio sanitario, sacrificio prioritario sacrificio in situ...</p>
<p>Servicio Veterinario Oficial (SVO)</p>	<p>Revisión dunha parte da documentación</p>	
<p>Servicio Veterinario Oficial (SVO)</p>	<p>Cumplimentación de rexistros, actas, documentos e comunicacións pertinentes.</p>	

https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/41/Mecanica_IAM.pdf



ANEXO LIMPEZA

Animal limpio	Sin suciedad	
Animal ligeramente sucio	La suciedad está en las zonas más bajas de las extremidades y parte inferior del vientre y esternón	
Animal sucio	La suciedad se extiende desde el muslo hasta el pico del esternón.	
Animal muy sucio	Más del 50 % de su superficie corporal cubierta de suciedad	

3.6 SUPERVISIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE TRABALLO DO ESTABLECEMENTO SOBRE A RECEPCIÓN DOS ANIMAIS

O operador comercial deberá ter e aplicar

- ✓ Procedementos normalizados de traballo (PNT) sobre os controis a realizar para cada animal na recepción con respecto a súa identificación, limpeza e estado de saúde (na medida que así poida xulgallo o operador). Comprenderán as instrucións sobre as medidas a adoptar no caso de desviacións.
- ✓ Existe un rexistro de entradas que se entrega diariamente ao SVO para a inspección antemortem no que se reflicte para cada animal o seu estado ao chegar ao matadoiro con respecto ao mencionado no apartado anterior.
- ✓ O rexistro de entradas conta con apartados de identificación , limpeza, e estado de saúde apropiado dos animais aceptados.

Rexistros e documentación que han de ser avaliado polos SVO do matadoiro::

Existirá un rexistro de todos os animais que se presenten o sacrificio (preferible de tipo

informático) que contemple como mínimo:

- Data de entrada o establecemento
- Responsable do envío do animal (gandeiro ou entrador)
- Número de animais do lote
- Código de Identificación individual de orixe (marca auricular, tatuaje)
- Código REGA de orixe (antigo CEA)
- Especie
- País de nacemento no caso de bovino
- País o países de engorde no caso de bovino



- Data de nacemento o no seu defecto grupo de idade (> 30 meses, etc.)
- Detalle da Documentación de acompañamento
- Observacions ou anotacións do operario responsable da entrada recollidas no seu rexistro de animais presentados a descarga (limpeza, estado de saúde e benestar animal)
- Sinatura do responsable do establecemento (si non e informático)

3.7 REXISTROS DO SERVIZO VETERINARIO OFICIAL SEMAGA

Procederáse ao rexistro no aplicativo na apartado Inspección Visual Antemortem (bovinos) ou inspección lotes . Consistirá en reflectir o ditame da inspección e destino do animal/is inspeccionados e as observacións que o inspector considere. O procedemento para o rexistro pode consultarse no anexo manual de Semaga e as fichas correspondentes dos cursos de formación.

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/IAM-Anexos>